Proceso selectivo: escala básica, categoría POLICÍA LOCAL. Oposición libre.
Publicación bases e convocatoria: DOG número 143 do 31.7.2026
Publicación nomeamento tribunal: DOG número 172 do 10.9.2026

Resolución do 20 de outubro de 2026 do tribunal designado para xulgar o proceso selectivo unitario de acceso por oposición libre nos corpos da Policía Local de Galicia, escala básica, categoría de policía, convocado pola Orde do 21 de xullo de 2026, pola que se fai publica a listaxe coas quendas de chamamento para a realización das probas de aptitude física.

Reunido o Tribunal cualificador do proceso selectivo de acceso por oposición libre nos corpos da Policía Local de Galicia, escala básica, categoría de policía, convocado pola Orde do 21 de xullo de 2026, adopta os seguinte ACORDOS:

PRIMEIRO.: Publicar como anexo a esta resolución a listaxe coas quendas de chamamento para a realización das probas de aptitude física, seguindo a orde de actuación será a orde alfabética e comezará por aquelas persoas cuxo primeiro apelido comece pola letra M (DOG número 16, do 26 de xaneiro).

SEGUNDO.: Recordar ao persoal aspirante convocado que:

- As probas realizaranse na sede da Academia Galega de Seguridade Pública (Rúa da Cultura, s/n, 36680 A Estrada)
- Non se permite o acceso ao público, nin a gravación por ningún medio sen autorización do Tribunal.
- O chamamento será único, que non se presente ao mesmo, decae a súa participación neste proceso selectivo, o persoal aspirante convocado deberá acudir á realización das probas o día, e no horario da quenda que lle corresponde e provisto de:

    - Documento Nacional de ou outro documento fidedigno que, a xuízo do tribunal, acredite a súa identidade

    - Informe médico expedido con data posterior ao 9 de outubro de 2026, no que debe constar que "é apto/a para a realización das probas de aptitude física que constan no anexo V da Orde do 21 de xullo de 2026, acceso categoría de policía"

    - Roupa e co calzado que consideren adecuados para a realización de todas as probas descritas

      Para a realización da proba de natación as persoas aspirantes empregaran un traxe de baño, que achegarán elas mesmas. Esta prohibido a utilización de traxes de neopreno ou similares e axudas para a flotabilidade e/ou incremento de velocidade de calquera tipo.

    - Catro imperdibles para suxeitar o dorsal que será entregado no momento do chamamento

- Non esta permitido o uso de ningún dispositivo electrónico na realización dos exercicios (tales como cascos de reprodución de audio, teléfonos móbiles.. etc.). No suposto de acceder ao recinto con este tipo de aparatos, deberán estar apagados en todo momento e en ningún suposto se realizarán as probas provistos dos mesmos.
  Non haberá lugar para o seu depósito, polo que é responsabilidade directa de cada aspirante a súa custodia, tendo en conta que non o/os poden portar.

- Unha vez efectuado o chamamento e accedido ao recinto o persoal aspirante seguirá en todo momento as indicacións deste Tribunal e do persoal colaborador, o incumprimento destas indicacións pode dar lugar a exclusión do proceso da persoa aspirante que incumpriu.

TERCEIRO: Remitir á Agasp, esta resolución e os seus anexos para a publicación efectiva na súa páxina web.

CVE: 4Y2JSvKKK1
Verificación: https://sede.xustiza.gal/cve

QUINTO.: Esta resolución pode ser obxecto de recurso de alzada ante o director xeral da AGASP, nos termos previstos nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

A Estrada, asinado dixitalmente

María Rey Rivera
A presidenta do tribunal

Asinado por:: REY RIVERA, MARIA
Cargo: Presidenta do Tribunal
Data e hora: 20/10/2026 15:02:56

CVE: 4Y2JSvKKK1
Verificación: https://sede.xustiza.gal/cve